

# FALCATRUADA IMAXE E MÚSICA, S.L.



"Tentamos crear unha nova estrutura de apoio á música en Galicia"

*Sergio Lago Varela*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Plataforma de servizos para grupos musicais e discográfica
<b>Sector de actividade</b>	Servizos relacionados coa imaxe, a comunicación e o son
<b>Nº empregados</b>	7
<b>Inversión inicial</b>	38.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	Parte do investimento inicial (18.000 €) foi financiado coas achegas dos socios. O resto financiouse con cargo a axudas e préstamos
<b>Web:</b>	<a href="http://www.falcatruada.com">www.falcatruada.com</a>
<b>Municipio:</b>	A Coruña, A Coruña
<b>Ano creación:</b>	2003

## Descrición do proxecto

O proxecto inicial foi unha plataforma de servizos para grupos musicais. Ofrecíamos servizos de deseño gráfico e web, duplicación de CDs e vinilos, xestión e promoción de concertos, publicidade de grupos musicais e distribución de discos.

Na actualidade, FALCATRUADA imaxe e música é unha plataforma de servizos para grupos musicais que tenta crear unha nova estrutura de apoio á música en Galicia.

O noso proxecto recibiu varios premios de innovación empresarial (Universidade de Santiago de Compostela, UNIEMPRENDE, Fundación Confederación Empresarios Lucenses, Fundación Unha Galicia Moderna de A Coruña...).

Realizamos actividades tan diversas como asesoría legal, deseño gráfico, deseño web, fotografía, edición de discos e maquetas, xestión de actuacións, distribución de discos, "merchandise", promoción, etc.

Falcatruada componse de tres marcas comerciais:

-[www.falcatruada.com](http://www.falcatruada.com) é un portal musical onde se pode atopar a maioría da música que se está a facer en Galicia, ademais de información de concertos, lanzamentos de discos...

-[www.autoedita.com](http://www.autoedita.com) é un portal onde ofrecemos os nosos servizos de edición, asesoría e distribución para todo o territorio nacional. O noso forte son as edicións de discos en calquera cantidade (tan só a partir dunha unidade) e tamén en calquera formato: CD, DVD, VINILO, mini-CD, CD-CARD...

-[www.trastenda.com](http://www.trastenda.com) é unha completísima tenda de música galega, sen deixar a un lado moitos dos mellores discos nacionais e internacionais. Tamén ofrecemos chapas, fanzines, camisetas...



## Datos empresa

### Claves do éxito

Aínda que levamos pouco tempo, consideramos que un dos factores importantes foi descubrir o nicho de mercado formado polos grupos musicais amateur, que atopaban múltiples barreiras para editar a súa música.

Outro aspecto fundamental foi a nosa capacidade de adaptación á evolución do mercado discográfico. Na actualidade existen grupos que precisan autoeditarse e sacar adiante os seus propios traballos, e non existen selos discográficos que aposten por grupos amateur. Pero hoxe en día, xa non é preciso un selo para editar e comercializar música.

### Situación actual


Xa temos establecidos todos os servizos que queremos ofrecer. A partires de agora, esperamos traballar ao 100% da nosa capacidade.

### Perfil cliente

Sobre todo, grupos amateur, aínda que tamén profesionais que se autoeditan.

Outro grupo de clientes constitúeno pequenos selos discográficos.

E por último, empresas do sector publicitario, como axencias de comunicación, etc.



## Idea inicial

A idea xurdiunos por experiencias con xente que coñeciamos, basicamente grupos musicais que tiñan unha serie de necesidades insatisfeitas. Descubrimos unha oportunidade e decidimos ocupar o nicho de mercado dos grupos de música amateur, que ata o de agora, atopaban moitos problemas para editar a súa música (prezos moi elevados, prazos de entrega moi longos, servizos dispersos, etc.). Nos ofrecémoslles todos os servizos dun xeito integral.

## Principales dificultades y amenazas futuras

Unha das maiores dificultades foi a escasa experiencia empresarial. E por suposto, ter que crear todo o que temos hoxe desde cero, e sen podernos apoiar nunha estrutura previa de servizos.

## Perfil promotores

Sergio Lago é licenciado en Veterinaria. Tamén é Técnico Especialista Superior en Gráfica Publicitaria e Fotografía Artística.

## Aptitudes necesarias

Sobre todo, confiar no teu proxecto. E tamén ser moi insistente e ter paciencia.



## Guía de Actividad

**Producción audiovisual** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

### Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta  
O reto que supón**

**A independencia que proporciona  
Ser o meu propio xefe**

### Formación

**¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?**

Sobre todo, confiar no teu proxecto. E tamén ser moi insistente e ter paciencia.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si. Cursos e seminarios do IGAPE, da universidade, de UNIEMPRENDE e da Fundación CEL.

### Anecdótico

Ao principio, traballábamnos con prazos de entrega moi axustados e custounos algún susto debido a retrasos dos mensaxeiros.

Nunha ocasión por exemplo, tiñamos que entregar en Madrid uns CDs para a presentación dun traballo discográfico. Chamamos para ver se chegaran e díxéronos que non. Descubrimos que os discos estaban en Benavente e que a empresa de mensaxería tiña pensado deixalos nun almacén para recollelos nun camión máis grande a seguinte semana. Finalmente, ante a imposibilidade de facer a entrega a tempo, tivemos que articular un sistema de vales que se entregaron na presentación ás persoas que querían un CD.

